



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA  
Dirección Xeral de Patrimonio Natural

San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
www.cmatv.xunta.gal



**Asunto:** Solicitud de acceso ao Rexistro público de humidais de Galicia que figura no Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o inventario de humidais de Galicia

En relación co seu escrito do 20.10.2020, reiterado o 03.02.2021, onde solicitaba o acceso á información ambiental que obra no Inventario de humidais de Galicia e a inclusión no mesmo do humidal denominado Braña da Serra, situado na parroquia de Castriz, municipio de Santa Comba, informámoslle do seguinte:

Tal e como indicou no seu escrito, o artigo 15, apartados 1 e 2 do Decreto 127/2008, do 5 de xuño establece o procedemento de inclusión no Inventario de humidais de Galicia. A inclusión dun humidal no inventario realízase de oficio polo titular da dirección xeral con competencias na Rede Galega de Espazos Protexidos. O dito procedemento finalizará coa resolución do titular da dita dirección xeral que será publicada no Diario oficial de Galicia e incluírá nome, código, superficie e localización xeográfica do humidal. A día de hoxe non se publicou ningunha resolución para a inclusión de humidais no Inventario de humidais de Galicia.

Nestes intres se está a traballar na procura de información e na elaboración das fichas que recollan os puntos establecidos no Anexo III do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, de cara a contar coa información necesaria para poder incluír diferentes humidais no Inventario. Unha vez rematado este traballo, procederase á publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución de inclusión dos humidais no Inventario de humidais de Galicia.

A este respecto, o punto 1 d) artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, establece como excepción á obriga de facilitar información ambiental, que a solicitude se refira a material en curso de elaboración ou a documentos ou datos inconclusos. Por estes últimos entenderanse aqueles sobre os que a autoridade pública estea traballando activamente, como é o caso da procura de información e elaboración das fichas do Inventario.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA  
Dirección Xeral de Patrimonio Natural

San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
www.cmatv.xunta.gal



Tamén se indica que se a denegación está baseada neste motivo, a autoridade pública competente deberá mencionar na denegación a autoridade que está preparando o material e informará á persoa solicitante acerca do tempo previsto para terminar a súa elaboración. É difícil poder dar unha data aproximada de finalización da elaboración do catálogo pero prevemos que no transcurso deste ano poderá estar publicada a Resolución de inclusión de diversos humidais no Inventario de humidais de Galicia.

En relación coa solicitude de inclusión do humidal denominado Braña da Serra no Inventario de humidais de Galicia, convén recordar que o artigo 15 establece que a inclusión dun humidal no Inventario realízase de oficio por parte da dirección xeral con competencias en materia da Rede galega de espazos protexidos e non a solicitude de interesado/a. Non obstante, no transcurso dos traballos Técnicos que estamos a realizar, buscarase información sobre esta zona en concreto para analizar se cumpre coas características necesarias para ser incluída no Inventario. De todos os xeitos, tal como recolle o artigo 13.4 do Decreto 27/2008, a inclusión dun humidal no inventario lévase a cabo unicamente para os efectos estatísticos e de investigación e non implica a aplicación dun réxime de protección nese espazo.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

Asinado por: FERNANDEZ COUTO JUANAS, TOMAS  
JOSE  
Cargo: Subdirector Xeral  
Data e hora: 08/03/2021 09:34:33

CVE: PmySAEXLW8  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021